

# Escola Infantil do Polígono do Tambre

**Situación:** Rúa das Mulas

**Superficie:** 446,69 m<sup>2</sup>

**Dotación:** 4 aulas, comedor, cociña, zona exterior de xogos, entre outros servizos.

**Comezo do servizo:** 2009.

## EMPRAZAMENTO

Rúa das Mulas

## CAPACIDADE

Prevese que esta escola atenda a 61 alumnos/as en xornada completa, distribuídos en 4 unidades:

1 para nenos/as menores de 1 ano:	8 prazas
1 para nenos/ de 1 a 2 anos:	13 prazas
2 para nenos de 2 a 3 anos:	40 prazas

## DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

No proxecto propónse unha superficie construída de 446,69 m<sup>2</sup> e unha superficie útil total de 417,62 m<sup>2</sup> ademais disporá dun patio exterior de xogos de 169,45 m<sup>2</sup>.

A escola disporá dos seguintes espazos: unha unidade de menores de 1 ano, unha unidade de 1 a 2 anos, dúas unidades de 2 a 3 anos, sala de usos múltiples, comedor, área de administración, cociña, despensa e patio exterior.

**Destinatarios:** nenos e nenas de 3 meses a 3 anos.

**Nº de prazas:** 61 a tempo completo.

## IDADE DE INGRESO

A idade mínima de ingreso queda establecida nos tres meses, salvo situacións especiais e previo informe do Departamento de Educación.

## PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Antes do inicio do curso, o persoal da Escola poñerá en contacto coa familia para explicarlle o desenvolvemento do Período de adaptación, para o que se requirirá a asistencia dalgún familiar ou persoa coidadora acompañando ao neno ou nena á Escola Infantil, co obxecto de facilitar a súa transición da vida familiar á escolar.

## PREVISIÓNS DE HORARIO E SERVIZOS

De luns a venres de 7,30 a 20,30 h

Xornada de mañá: 7,30 a 12,30 h

Xornada tarde: 16 a 20,30 h

Xornada completa: 7,30 a 12,30 / 16 a 20,30 h

Comedor: 12,30 a 14 h

Horario ampliado: de 14 a 16 h. Tamén para nenos e nenas que non usan o comedor pero permanecen no centro despois de rematar a xornada de mañá.

Aquelas familias que precisan un horario complementario, máis alá da xornada escolar de 6 horas, poderán solicitalo, aínda que é desexable que os nenos/as non permanezan no centro máis de 8 horas diarias.